



# XORNADA ATLETICA “CORRESPONSABLES”

Sábado, 18 de marzo de 2.023

A empresa Mantesil, co patricinio do programa “CORRESPONSABLES”, desenvolto pola Universidade de Santiago de Compostela, e coa colaboración de Clube ADAS Cupa, organiza a Iª Xornada atlética “CORRESPONSABLES”, o sábado 18 de marzo en xornada de tarde, na pista do estadio de Calabagueiros de O Barco de Valdeorras.

## REGULAMENTO:

**Art. 1.** Poderán participar os atletas que teñan ficha ao longo da tempada actual (2023) que pertencen ás categorías sub-8,10,12,14,16. Terán preferencia os atletas da comarca de Valdeorras e da provincia de Ourense.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 23:59 horas do martes 14 de marzo.. Non se admitirán inscricións fora de prazo. O mércores ás 13:00 horas publicaranse os admitidos. A participación dos atletas será gratuíta.

**Art. 3.** Participación:

- Cada atleta poderá realizar ata un máximo de 3 proba, pero so unha delas poderá ser de máis de 300 mts.
- Nos concursos os participantes das categorías Sub10 e Sub12 terán 3 tentativas.
- Nos concursos sub 14/16 habera 4 intentos, excepto si son 8 ou menos, que disporan de 6.

**Art. 4.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. Os 3 primeiros clasificados de cada proba recibirán unha medalla conmemorativa da súa participación.

**Art. 5.** Os participantes serán publicados na web da FGA.

**Art. 6.** As cadencias e táboas da lonxitude serán publicadas unha vez cerrada a inscrición en función das marcas dos participantes.

**Art. 7.** O non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

**Art. 8.** Horario:

Xornada atlética “CORRESPONSABLES”					
Hora	Carreira	Categoría	Serie	Concurso	Categoría
16:30				Martelo	Sub14 - Sub16 H-M
16:30				Salto de loxitude	Sub10 H-M
16:30	220 MV	Sub14 Homes			
16:37	220 MV	Sub14 Mulleres			
16:50	50 M	Sub8 Homes	Serie 1		

Xornada atlética "CORRESPONSABLES"					
Hora	Carreira	Categoría	Serie	Concurso	Categoría
16:57	50 M	Sub8 Mulleres	Serie 1		
17:08	60 M	Sub12 Homes	Serie 1		
17:13	60 M	Sub12 Homes	Serie 2		
17:18	60 M	Sub12 Homes	Serie 3		
17:27	60 M	Sub12 Mulleres	Serie 1		
17:32	60 M	Sub12 Mulleres	Serie 2		
17:32				Disco	Sub14 - Sub16 H-M
17:37	60 M	Sub12 Mulleres	Serie 3		
17:40				Lonxitude	Sub12 H-M
17:45	50 M	Sub10 Homes	Serie 1		
17:52	50 M	Sub10 Homes	Serie 2		
18:00	50 M	Sub10 Mulleres	Serie 1		
18:05	50 M	Sub10 Mulleres	Serie 2		
18:12	100 M	Sub 16 Homes			
18:17	100 M	Sub 16 Mulleres			
18:27	150 M	Sub14 Homes	Serie 1		
18:32	150 M	Sub14 Homes	Serie 2		
18:37	150 M	Sub14 Mulleres	Serie 1		
18:40				Peso	Sub10 - Sub 12 H-M
18:42	150 M	Sub14 Mulleres	Serie 2		
18:47	150 M	Sub14 Mulleres	Serie 3		
18:50				Altura	Sub10 - Sub 12 H-M
18:57	300 M	Sub16 Homes			
19:07	300 M	Sub16 Mulleres			
19:30	1000 M	Sub10 H-M			
19:40	1000 M	Sub12 H-M			
19:50	3000 M	Sub16 H-M			
20:10	1500 Obs.	Sub16 H-M			

**Art. 9.** Táboas de lonxitude:

- Sub10: 1 mt.
- Sub12: 1 e 2 mts.

**Art. 10.** Cadencias altura:

- Sub10 – Sub12: 0,83-0,88-0,93-0,97-1,01-1,05 e de 3 en 3.

**Art. 11.** Os atletas participantes disporán de monitores para a realización de actividades lúdicas nos momentos en que nos estén a competir para facilitar a conciliación dos seus proxenitores ou titores.

**Art. 12.** Protección de datos.

A inscrición nesta competición suporá a aceptación da Política de privacidade e protección de datos da Universidade de Santiago de Compostela

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recadados serán incorporados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento “Usuarios de servizos da USC” coa finalidade da xestión de persoas físicas ás que a Universidade de Santiago de Compostela lles ofrece ou presta servizos non académicos.

O responsable de dito tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela con domicilio no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo electrónico: [protecciondatos@usc.gal](mailto:protecciondatos@usc.gal)

Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico [dpd@usc.es](mailto:dpd@usc.es)

A base de xustificación deste tratamento é o consentimento expresado polas persoas interesadas.

Todos os datos recollidos neste cuestionario de inscrición serán totalmente anónimos, non figurando datos persoais nas publicacións que, de ser o caso, se deriven deste estudo (Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais). A participación é libre e voluntaria. O feito de cubrir o formulario indica a voluntariedade de participación neste proceso.

Non se prevén cesións nin transferencias de datos, agás ás administracións públicas con competencia na materia, clubs deportivos e federacións, institucións colaboradoras e ás empresas que presten servizos nas actividades ofertadas.

As persoas interesadas poden exercer ante o responsable do tratamento os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC en:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

No caso de non facilitar o consentimento, os datos non serán tratados, pero non se lles poderá ofertar o servizo solicitado.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos se bloquearán ou eliminarán.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html> Para calquera consulta poden dirixirse a [protecciondatos@usc.gal](mailto:protecciondatos@usc.gal)

Na miña condición de representante legal ou contando coa autorización do/a representante legal da persoa que se inscribe na actividade, autorizo o tratamento da imaxe desta/e en relación coa actividade á que se anotou para a súa difusión nos soportes audiovisuais da propia USC ou externos a esta, medios de comunicación, páxinas web, redes sociais, etc.. todo elo sempre vinculado á actividade na que vai participar. Esta autorización poderá revogarse en calquera momento enviando un correo electrónico a [plan.corresponsables@usc.gal](mailto:plan.corresponsables@usc.gal).

